



PROXECTO DE INNOVACIÓN EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES DA POBRA DO CARAMIÑAL CURSO 2014-15

Convocatoria do 8 de xaneiro de 2015 da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establecen as bases reguladoras para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros docentes de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e se procede á súa convocatoria para o curso académico 2014-15.

***Recoméndase a lectura deste proxecto na súa versión electrónica para a súa valoración debido ao importante número de hipervínculos que contén.**

a. Título

21 DÍAS CO GALEGO

b. Contextualización e xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística de partida do centro.

21 días co galego, actividade organizada polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega e Literatura e o Departamento de Lingua Galega do IES Pobra do Caramiñal, nace en febreiro de 2013 para conseguir unha maior competencia en galego e unha mellor conciencia lingüística a través de diferentes actividades que pretenden levar a lingua alí onde nunca estivo na vida de moito alumnado.

Co fin de conseguilos realízanse actividades de tipoloxía variada que tamén van achegar os participantes a conceptos sociolingüísticos de imprescindible coñecemento para unha correcta comprensión da realidade actual galega e do papel que nela ten a lingua. Paralelamente, cada día, aparece na páxina da actividade un vídeo dalgún persoeiro animando a rapazada a continuar coa actividade e dándolles os parabéns polo que están facendo. En moitas ocasións, os protagonistas tamén contan a súa experiencia co galego.

Nos case cincuenta vídeos cos que contamos ata o momento, xa que a acollida foi tan boa que houbo días en que publicamos máis de un vídeo, procurouse ir reflectindo un abano aberto da sociedade e da cultura galegas de tal xeito que esta non se asociase a ningunha idade nin ideoloxía política. Colaboraron connosco desinteresadamente escritores e escritoras (entre os que salientamos a Agustín Fernández Paz que foi o padriño destes 21DCG realizando a primeira gravación, Uxía Casal, Sèchu Sende, Rosa Aneiros...), músicos (Uxía, Xabier Díaz, orquestra Panorama, Leilía...), empresarios (Galipizza, Lobishome...), actores e actrices (Luís Tosar, Luís Iglesia, Sonia Castelo, Touriñán...), artistas (Leandro Lamas...), entre outros ata o medio cento de colaboracións de xente que quixo estar coa nosa lingua e co noso alumnado.

Paralelamente, e en dependencia directa do orzamento do que dispoñamos, realízanse outras actividades de carácter lúdico como obradoiros de lipdub, de creación de curtametraxes, contacontos, etc.

Nesa primeira ocasión participou alumnado de dous niveis educativos distantes, 2º de ESO e 1º de Bacharelato. Tráballose cada unha das 3 semanas arredor dun eixe de uso, de tal xeito que as persoas participantes podían adiantar os seus obxectivos de uso mais nunca atrasarse ou recuar:

1ª semana: o eu e a familia

2ª semana: as amizades e o instituto

3ª semana: a contorna

Na segunda edición, aumentamos os participantes tanto cuantitativamente como cualitativamente e chegamos a:

a) O alumnado dos catro cursos de ESO e os dous de BACHARELATO.

b) 41 profesoras e profesores dos departamentos de Educación Física, Economía, Música, Inglés, Filosofía, Física e Química, Relixión, Orientación, Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura, Ciencias Sociais, Sanitaria, Linguas Clásicas, Tecnoloxía, Ciencias Naturais e Francés.

c) A ANPA.

d) Unha importante representación do comercio constituída por 25 establecementos do CC Aberto O Deán e dos supermercados Eroski e Gadis.

e) O Concello da Pobra do Caramiñal a través da Concellaría de Cultura.

f) Persoeiros de ámbitos diversos como a cultura, o deporte, a empresa, etc.

A experiencia amosouse como necesaria e positiva, é por isto que tanto no curso pasado (2013-14) como no presente ano académico (2014-15), o proxecto pasou a formar parte da Programación Xeral Anual aprobada polo claustro e o consello escolar.

c. Obxectivos que se pretenden alcanzar como resposta ás necesidades detectadas e propostas de mellora a curto e longo prazo.

Esta experiencia ten dous grandes obxectivos de importancia semellante:

1) O aumento e perfeccionamento do **emprego** da lingua oral durante 21 días, con desexable continuación no futuro.

2) A **reflexión** íntima e persoal da relación que cada un/unha de nós ten co galego dende a súa situación vital concreta e individual.

O noso proxecto fomenta 3 dos 4 aspectos salientados na convocatoria:

1. O galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas ao ter que falar todo o día en galego durante tres semanas.
2. A colaboración con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, así como coas empresas locais, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social. Ao colaborar co concello e co comercio local.
3. A relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación, xa que a canle de comunicación é dixital e é neste medio onde se establece a comunicación. Ademais, moitas das actividades implican a utilización de diferentes TIC e a aprendizaxe en rede.

As propostas de mellora pasan necesariamente por facer a actividade canto máis lúdica mellor, pero iso require un investimento en obradoiros e espectáculos do cal carecemos. Nesta edición centrámonos en axustar máis os requirimentos ao

tempo co que conta o alumnado de xeito que a actividade non se poida converter nunha carga académica máis.

d. Actividades de desenvolvemento do proxecto, nas que se reflicta o eixe que o vertebra, as actuacións estruturadas temporalmente e unha proposta metodolóxica.

A metodoloxía didáctica é a que de seguido se expón.

Cada día aparece unha entrada no blog que lle indica ao alumnado o que debe facer en cada momento. Nas dúas primeiras edicións, cada día, como mínimo unha vez, as alumnas e os alumnos debían realizar unha gravación en vídeo (co móbil, cam, cámara de vídeo, etc.) na que desen conta de como lles foi dende a conexión anterior (se avanzaron e falon máis, ou mellor, ou en contextos diferentes, se lles resulta difícil ou non, por que cren que non puideron falar máis, etc.). Tiveron que facer unha gravación diaria como mínimo pero podían gravar cando quixesen sempre e cando lle tivesen que dicir algo á súa cámara. En moitas das xornadas, ademais disto, se lles pedía que falasen dalgunha outra cuestión que implicaba unha reflexión de carácter sociolingüístico, nese caso podían facelo unido á conexión diaria obrigatoria ou noutra gravación diferente.

Nesta ocasión, realizarán as gravacións en días alternos como unha medida de mellora xa que facelo día a día suponía unha carga excesiva para o alumnado que prexudicaba o espírito lúdico e atractivo da proposta.

Na metodoloxía inclúese tamén a atención á diversidade, de tal xeito que, segundo a cor, as actividades son optativas, obrigatorias ou só para alumnado con necesidades educativas especiais.

O eixe temático este ano pretendemos que sexa a presenza do galego na rede como unha maneira de fomentar o coñecemento de páxinas web do seu interese e que usen o galego, un terreo no que se moven nun enorme descoñecemento.

e. A utilización e o grao de implicación dos recursos humanos e materiais existentes no centro en beneficio do proxecto.

Participa unha porcentaxe moi alta de profesorado, que, nesta edición, vai superar os 40 profesores e profesoras que se comprometen ao seguinte durante os 21 días:

1. Se imparten materias regradas na lingua de uso (castelán, matemáticas...), deberán respectar esta dentro da aula, e fóra dela deberán usar o galego.
2. Se imparten materias non regradas na lingua de uso, deberán dar as súas aulas en galego e utilizar tamén o galego fóra delas.
3. Se imparten materias de linguas estranxeiras, deberán utilizar como lingua B de referencia o galego nas súas aulas, e fóra delas deberán usar o galego.

Ademais disto, tamén participan os tres conserxes do centro e as dúas persoas que atenden a cafetería.

En canto aos materiais existentes, nesas tres semanas podemos contar con todos os recursos do centro, utilizamos fundamentalmente dependencias e material de soporte como cámaras de fotografía e de vídeo.

f. As colaboracións institucionais: a colaboración con institucións da contorna e/ou outros centros educativos.

Na pasada edición contamos coa colaboración da concellería de cultura que asumiu o custo das chapas, os carteis e varios obradoiros. Nesta ocasión só se farán cargo das chapas e dos carteis.

g. O plan de avaliación, con especial atención ao grao de incidencia do proxecto na mellora do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.

Este ano temos previsto mellorar o plan de avaliación. Teremos un cuestionario inicial que nos vai servir, entre outras cousas, para determinar con exactitude a situación sociolingüística do noso alumnado, documento fundamental para o deseño dunha estratexia no plan lingüístico de centro e nas actividades do EDLG. E tamén utilizaremos un cuestionario final de valoración tanto da experiencia propia como do proxecto. A isto deberemos sumar a valoración que o profesorado de lingua e literatura galegas realizará de cara á súa materia, xa que inscribimos os 21DCG na programación anual como o traballo trimestral da segunda avaliación.

h. As medidas que se pensan tomar para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a totalidade da comunidade educativa, para fomentar a súa participación e aproveitamento.

A maneira en que o proxecto se presenta variou dende o seu nacemento:

1ª edición: un blog (21diascogalego2013.blogspot.com.es) no que día a día ían aparecendo os vídeos e actividades e unha [lista de reprodución en YouTube](#) na que se recollen tanto os vídeos dos persoeiros colaboradores como aqueles outros utilizados para as actividades.

2ª edición: un blog no que día a día ían aparecendo os vídeos e actividades e unha páxina no Facebook na que se difundían as publicacións do blog e

3ª edición: unha web aloxada nun dominio de seu do IES da Pobra do Caramiñal e a páxina do Facebook.

Realmente ao estar todo o alumnado de ESO e Bacharelato implicado e unha porcentaxe moi alta do profesorado, o grao de difusión do proxecto é do cento por cento. Ao volver a colaborar a ANPA tamén temos garantida a nosa presenza na súa páxina de Facebook e con iso cubrimos o que a priori é o noso ámbito de actuación. O seguimento que se realiza dende outros centros educativos do material que imos publicando día a día considerámolo un valor engadido que vén reforzar a nosa crenza no proxecto como unha forma de axudar á dinamización e normalización do galego entre a mocidade e a través dela, tamén do resto da

sociedade. Neste sentido, podemos salientar como un valor engadido co que non contabamos a participación espontánea de moitas familias colaborando cos seus fillos no uso do galego na práctica familiar.

Alcance do proxecto

21DCG a través do seu [blog](#) chegou a moitas máis persoas que os seus destinatarios iniciais e traspasou as nosas fronteiras superando as 35.000 visitas que se concentran practicamente nas tres semanas en que se desenvolvía a actividade no centro.

Contamos ademais cunha [páxina de Facebook](#) dende o curso pasado que serviu para darlle a coñecer a experiencia a persoas alleas ao centro e serviu para que compartisen os vídeos moitos outros centros de ensino e que é seguida por visitantes na súa maioría españois, portugueses e arxentinos. Unhas publicacións na rede social que chegaron a ter picos de 3000 visitas diarias durante o desenvolvemento da 2ª edición no pasado curso.

Esta actividade contou ademais con abondosas referencias a través de diferentes medios mediante páxinas informativas e entrevistas escritas, en televisión e radio. Sinalamos algunhas como mostra:

- Páxinas institucionais: [Secretaría Xeral de Política Lingüística](#), [Consello da Cultura Galega](#) – [Centro de documentación sociolingüística de Galicia](#),
- Blogs: [Carta xeométrica](#), [Gavieira](#), [Lingua de Alcaían](#), [Brétemas](#) de Manuel Bragado,
- Radio escolar: [Radio Filispim](#).
- Prensa xeneralista de ámbito galego e comarcal: *La Voz de Galicia*, *Certo*, [Praza](#).
- Televisión xeneralista de ámbito comarcal: [TVBarbanza](#).
- Páxinas especializadas: [Garaigoikoa](#) (blog vasco especializado en sociolingüística).

i. O orzamento previsto.

- OBRADOIRO DIDÁCTICO DE REGUEIFAS **800 €** para un nivel de alumnado da ESO.
- OBRADOIRO DE NARRACIÓN ORAL **1240 €** para un nivel de bacharelato.
- OBRADOIRO "O QUEBRACABEZAS DO DEREITOS LINGÜÍSTICOS" **XXX €** para un nivel.
- OBRADOIRO DE PREXUÍZOS "O FALAR NON TEN CANCELAS" **XXX €** para un nivel de alumnado da ESO.

TOTAL: XXXX euros

I. Funcións e tarefas que vai realizar o profesorado implicado. Detallaranse as funcións e tarefas de cada un deles.

Neste momento aínda está sen pechar o número de profesorado participante, pero xa hai 37 profesoras e profesores implicados.

A maioría do profesorado limita a súa participación ao sinalado neste documento no apartado e. Isto é, a dinamizar coa súa práctica a utilización do galego durante as tres semanas por parte do alumnado.

Máis alá disto, e das actividades específicas que poida realizar o profesorado dende cada disciplina, podemos sinalar tarefas que afectan a todo o proxecto.

Coordinadora: Pilar Ponte Patiño

Profesorado do Departamento de Lingua e Literatura Galegas responsable do material publicado: Uxía Baamonde, Xesús M. Fernández Garda, Luciano Fernández Martínez, Matilde Mosquera e Nuria

A Pobra do Caramiñal, 12 de febreiro de 2015

Pilar Ponte Patiño

A coordinadora do ENDL

José F. Maneiro

O Director do IES da Pobra
do Caramiñal

Visto e Prace